PROVINCIA: LUGO | MUNICIPIO: SOBER

Exp: 14/75
ID: 1109

Exp. nº 14/75

# CARPETA-FICHA DEL MONTE:

"CAMILO"

# COMUNIDAD PROPIETARIA

BOLMENTE (Pª)

CLAVE DEL MONTE

| PROVINCIA | MUNICIPIO | COMUNIDAD PROPIETARIA | MONTE |
|---|---|---|---|
| LU | 59 | 6. | 1 |

SUPERFICIE

| HECTAREAS |
|---|
| 755 |

JURADO PROVINCIAL
DE
MONTES VECINALES
EN MANO COMUN
LUGO

Em la ciudad de Lugo a 31 de julio de 1975, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte " DE CAMILO", como monte vecinal en mano común, a tenor de la siguiente tesolución:

Visto en el dia de la fecha el expediente de clasificación del monte " DE CAMILO", expediente 14/75, del ayuntamiento de Sober,- promovido a instancia de la Administración Forestal, y

RESULTANDO.- Que con fecha 14 de enero, el Jurado Provincial - de Montes Vecinales en Mano Común, acordó la inciación del expediente 14/75, designando como Instructor al Vocal, D. Hombono --- Gonzalez Carreró, Magistrado de la Audiencia Provincial.

RESULTANDO.-Que con fecha 27 de enero de 1975, de dictó providencia, por la que se da comienzo al expediente 14/75, poniendo por cabeza del mismo, comunicación del acuerdo del Jurado Provincial- y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha 27 de enero de 1975, se didtó providencia acordadn requerir al ayuntamiento de Sober, para que aporte: a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa al Monte " DE CAMILO", de 755, sitoen la parroquia de Bolmente; b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales, relativa al monte--- " DE CAMILO"; c) Certificación del Acuerdo Municipal, relativo al consoricio con el Patrimonio Forestal, para la repoblación del citado monte.

RESULTANDO.- Que con fecha 27 de enero de 1975, se acordó recabar de la Administración Forestal. I.C.O.N.A., certificación - relativa a si el monte " DE CAMILO", sito en la parroquia de Bolmonte, del ayuntamiento de Sober, figura incluido dentro del Catálogo de Los Montes de Utilidad Pública.

RESULTANDO.- Que con fecha 27 de enero de 1975, se dictó providencia, acordando la publicación de edicto en el B.O. de la provincia y en el Tablón de Anuncios del ayuntamiento de Sober, poniendo en conocimiento de todos los interesados en el monte " DE CAMILO", la incoacción del expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intevenir en él, en defensa de sus derechos e intereses, publicación que se llevó a efecto en el B.O. de la provincia Nº 32, correspondiente al dia 8 de febrero de 1975,- y en el tablón de anuncios del ayuntamiento de Sober, según certificación del Secretario de 5 de marzo de 1975.

RESULTANDO.- Que con fecha 4 de marzo de 1975, se recibió certificación interesada del I.C.O.N.A., en la que se hace constar que el monte " DECAMILO", sito en la parroquia de Bolmente del ayuntamiento de Sober, afecta al monte " CAMILO", Nº 60 de los del Catálogo de Utilidad Pública.

RESULTANDO.- Que en la instrucción del expediente, se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de julio de 1975, y su Reglamento-- de 26 de febrero de 1970, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1958.

Vistas las citadas Leyes y Reglamento, y disposiciones de pertinente aplicación,

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, tiene competencia y jurisdicción para conocer del expediente, elcual fué promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente, en lugar, forma y tiempo, todo ello a tenor de lo que disponen los articulos 10 y 11 de la Ley de 27 de julio de 1968 y 10 y 16 de su Reglamento.

CONSIDERANDO.- Que para determinar si un monte merece l calific a de vecinal, se hace preciso concret ri si en el mismo concurren requisitos reales que establecen los articulos 1º de la Ley de es Vecinales en Mano Común y 1º del Reglamento, a saber: a) Que ertenencia está atribuida a determinados vecinos agrupados en al , lugares o parroquias, en calidad de tales, en proindivisión, independencia de su origen, en comunidad germánica o mano común;- ue tal comunidad de vecinos, no esté constituida formalmente en- dad municipal.

CONSIDERANDO.- Que el monte " DE CAMILO" está perfectamente iden cado tanto por el ayuntamiento, como por la Administración Fores- y en tal concepto fué consorciado, así mismo fué identificado por ecino compareciente en el expediente de investigación unido en e ue reconoce los derechos a los aprovechamientos sobre dichos mon por los vecinos de la parroquia de Bolmente, del ayuntamiento de r.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad del- "DE CAMILO", en tiempos remotos, los efectos de la prescirpción aordinaria, regulada por el articulo 1959 del Código Civil, legi la titularidad de los acutales aprovechadores.

Este Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en se- del dia de la fecha, y a la vista de los antecedentes y conside ones reseñadas, ha acordado:

1º.- Clasificar el monte " DE CAMILO",como se describe en el ex ente 14/75,como monte vecinal en mano común, perteneciente en ré de copropiedad germánica a los vecinos de la parroquia de Bol- del ayuntamiento de Sober.

2º.- Que se remita certificacióndе la resolución firme de este Ju- Al Registraodr de la Propiedad, para la inscripción del monte a re de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo dipuesto en el tado a) del articulo 3º del Reglamento.

| Prov.ª | Munic.º | Comunidad Prop.ª | N.º monte |
|---|---|---|---|
| LU | 59 | 6 | 1 |

CLAVE DEL MONTE

## 3.- ESTADO FISICO

Ref.ª Indice

### 3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

El monte "CAMILO" de la parroquia de BOLMENTE está situado al S. de los pueblos de la misma y sus fincas particulares, formado por una gran altiplanicie y las laderas de bajada hacia el S. hasta el rio Sil.

El terreno es bastante llano en la citada altiplanicie y con fuertes pendientes en las laderas de bajada al rio; las altitudes oscilan entre los 175 y 743 m.

Los unicos accesos directos son loscaminos de servicio desde los pueblos de la parroquia; hasta el lugar de Camilo se llega por camino vecinal desde Sober.

### 3.2 SUPERFICIE.

755 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

### 3.3 LINDEROS.

N.- Fincas particulares de la parroquia.

| Ref.ª Indice | CLAVE DEL MONTE | Prov.ª | Munic.º | Comunidad Prop.ª | N.º monte |
|---|---|---|---|---|---|
| | | LU | 59 | 6 | 1 |

3.3

E.- Monte de la parroquia de Barantes.

S.- Rio Sil (Embalse de San Esteban), dividiendo con término municipal de Parada de Sil.(Orense).

O.- Rio Sil (Embalse de San Esteban) dividiendo con término municipal de Nogueira de Ramuín (Orense), y monte de la parroquia de Anllo-San Martín.

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

Los únicos límites destacables del monte "CAMILO" de la parroquia de BOLMENTE son:

- Por el O. divide con más monte del mismo nombre de la parroquia de Anllo-S. Martin, subiendo hacia el NE. desde la desembocadura del arroyo Boca en el rio Sil por la ladera de Pedralta en dirección a S. Vitorio.

- Por el E. divide con monte de la parroquia de Barantes subiendo desde el rio Sil, tambien de S. a N. por el Colado D'Abilleira y Lomba de Coto.

- Por el S. llega hasta en Embalse de S. Esteban en el rio Sil, dividiendo con términos municipales de Parada de Sil y Nogueira de Ramuín.

| Prov.ª | Munic.º | Comunidad Prop.ª | N.º monte |
|---|---|---|---|
| LU | 59 | 6 | 1 |

CLAVE DEL MONTE

Ref.ª Índice

3.5 OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES.

El límite de este monte con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.

En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.


de Hortas
Bretonia
Campo de
Castajua
Soutonovo
Hortas
S. Esteban (Anllo)
S. Martin (Anllo)
Dade
Bouza
Nogueira
Regueiro
Pousa
Barreal
Corbelle
Pacios
Cuñas de Abajo
Cunas de Arriba
Canceliña
Xuncal
Pena
Campo del
Anllo
Ciguñeira
Ferroños
Vilabalde
Carreira
Burdalla
Pia
Casanova
Matamá
Argemil
Pacios
Cima de Vila
Couto
Sta Marta
S. Vitorio
Pena
Cabrera
588m.
Bouza
Camilo
Pacios
Bolmente
(Sta Maria)
Arrojo
S. Victorio
Arroyo de
Toro
Villorid
Boca
Piñeiro
Ferrón
Chouselas
Padraita
Vales
Lomba do Coto
5
3
"CAMILO"
6
Canteras
743m.
Cañada d'Abilleira
Término de Nogueira de Ramuín
PROV.
Sil
Término de Parada del Sil
ORENSE
DE
Cachón de
la Mula
LU 59 6 1

ab

XUNTA DE GALICIA

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **15 de marzo de 2017**, figura o seguinte acordo:

> << Monte CAMILO (expediente 12/75), pertencente aos veciños da parroquia de SAN MARTIÑO DE ANLLO, do concello de SOBER, clasificado polo Xurado con data 31 de xullo de 1975 e monte CAMILO (expediente 14/75), pertencente aos veciños da parroquia de BOLMENTE, do concello de SOBER, clasificado polo Xurado con data 31 de xullo de 1975. Con data 28 de setembro de 2016, ten rexistro de entrada escrito de Domingo Guedella Alvarez, como presidente da comunidade de Anllo – San Martiño, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 12 de setembro de 2016, perante o Xulgado de Paz de Sober; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 3 de novembro de 2016 emite un informe no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza (nº 20/16). O monte CAMILO de San Martiño de Anllo queda cunha superficie de 104,7 hectáreas, e o monte CAMILO de Bolmente cunha superficie de 687,61 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos. >>

Para que conste, expido este certificado co visto e prace da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

Lugo, 31 de marzo de 2017

V. e pr.
A xefa territorial
Presidenta do xurado

Mª Olga Iglesias Fontal

Asinado por: IGLESIAS FONTAL, MARIA OLGA
Cargo: Presidenta do Xurado Provincial de MVMC
Data e hora: 31/03/2017 08:19:42

Asinado por: BELVER QUIROGA, LUCIA
Cargo: Lugo - Serv.Tecnico Xurídico
Data e hora: 30/03/2017 10:27:25

CVE: gpfZelRa92
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Deslindamento por avinza entre os montes veciñias en man común de Camilo, San Martiño de Anlló (Exp 12/75) e o de Camilo, Bolmente (Exp 14/75)

Monte: **Camilo**
Pertenza: **Veciños de San Martiño de Anlló**
Superficie previa **71,00 ha**
Superficie posterior **104,70 ha**

Monte: Camilo
Pertenza: **Veciños de Bolmente**
Superficie previa **755,00 ha**
Superficie posterior **687,61 ha**
Concello: **Sober**

**Escala:** 1:20.000

Plano 5. Situación modificada dos montes sobre cartografía catastral

Par_27059
Camilo_Anllo_avinza
Camilo_Bolmente_avinza

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes
XUNTA DE GALICIA · SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS · CONSELLERIA DO MEDIO RURAL · LUGO
Ramón Rozadillas Valverde

Distrito VIII:"Terra de Lemos"
Lugo, 21 de novembro de 2016

José María Fernández Cabanas
Enxeñeiro técnico forestal

ll

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **15 de marzo de 2017**, figura o seguinte acordo:

> << Monte CAMILO (expediente 14/75), pertencente aos veciños da parroquia de BOLMENTE, do concello de SOBER, clasificado polo Xurado con data 31 de xullo de 1975. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data 29 de novembro de 2016, tivo entrada escrito presentado por Susana Pérez Rodríguez, como representante da comunidade, no que solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme á documentación que adxunta. Con data 29 de novembro de 2016, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo para o monte CAMILO (nº 22/16), quedando o monte cunha superficie de 654,28 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía e tendo en conta a avinza practicada coa comunidade de Anllo - San Martiño. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, ACORDA, aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito. >>

Para que conste, expido este certificado co visto e prace da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

Lugo, 30 de marzo de 2017

V. e pr.
A xefa territorial
Presidenta do xurado

Mª Olga Iglesias Fontal

Asinado por: IGLESIAS FONTAL, MARIA OLGA
Cargo: Presidenta do xurado
Data e hora: 31/03/2017 08:13:36

Asinado por: BELVER QUIROGA, LUCIA
Cargo: Lugo - Serv.Tecnico Xurídico
Data e hora: 29/03/2017 14:32:59

CVE: KzxBFSVOP6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Revisión de esbozo do monte veciñal en man común de Bolmente; (Exp 14/75)

Monte: **Camilo**
Pertenza: **Veciños de Bolmente**
Superficie previa **755,00 ha** Superficie despois da avinza co monte veciñal Camilo de Anllo **687,61 ha**
Superficie posterior **654,28 ha**
Concello: **Sober**

**Escala:** 1:20.000

Plano 4.Situación despois da revisión do esbozo sobre cartografía catastral

Revisión_Esbozo_Camilo_Bolmente_def

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

Ramón Rozadillas Valverde

Distrito VIII:"Terra de Lemos"
Lugo, 29 de novembro de 2016

José María Fernández Cabanas
Enxeñeiro técnico forestal

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

Juan Carlos López Seijas, secretario en funcións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **14 de xuño de 2018**, figura o seguinte acordo:

> Monte DE BARANTES (expediente 13/75), pertencente aos veciños da parroquia de BARANTES e monte CAMILO (expediente 14/75), pertencente aos veciños da parroquia de BOLMENTE ambos no termo municipal de SOBER, e clasificados como veciñais en man común por resolucións do Xurado Provincial con data 31 de xullo de 1975. Con data 14 de decembro de 2017, ten rexistro de entrada escrito de Manuel Verao Pérez, como presidente da comunidade de Barantes, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 28 de novembro de 2017, perante o Xulgado de Paz de Sober; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 10 de abril de 2018 emite un informe (nº 87/17), no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza. O monte DE BARANTES queda cunha superficie de 132 hectáreas, e o monte CAMILO, cunha superficie de 645,32 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.

Para que conste, expido este certificado co visto e prace da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

am

CVE: AYOFVES69
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve




**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
XefaturaTerritorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Deslinde por avinza entre os montes veciñais en man común Barantes (exp 13/75) e Camilo (exp 14/75)

| | |
|---|---|
| Monte: **Barantes** | Monte: **Camilo** |
| Pertenza: **Barantes** | Pertenza: **Bolmente** |
| Concello: **Sober** | Concello: **Sober** |
| Superficie previa: **118 ha** | Superficie previa: **654,28 ha** |
| Superficie posterior: **132 ha** | Superficie posterior: **645,32 ha** |

Escala: 1:14.000

PLANO 5: MONTE POSTERIOR AO DESLINDE

Bolmente_posterior
Límite deslindado por avinza
Límite provisional

Visto e prace
O xefe do Servizo de Montes
Carlos Vázquez Díaz

A enxeñeira técnica en topografía
Lugo, 10 de abril de 2018
Sonia Villaverde Vieites

XUNTA DE GALICIA · SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS · MEDIO RURAL · LUGO

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

***XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.***

***Expediente nº: 7/2017***

**RESOLUCIÓN**

***PRESIDENTE:***
*Mª Olga Iglesias Fontal*

***VOGAIS:***
*Josefina Pereira de la Riera*
*Antonio José López-Acuña Herrero*
*Carlos Vázquez Díaz*

***SECRETARIA:***
*Lucía Belver Quiroga*

Na cidade de Lugo, o día **8 de novembro de 2018,** o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 7/2017 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **BOLMENTE-AMPLIACIÓN,** no concello de **SOBER,** iniciado por acordo do xurado do 15 de marzo de 2017, sendo vogal instrutor Carlos Vázquez Díaz, e resultando os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO**: Na sesión do 15-3-2017 o xurado acorda a iniciación do expediente 7/2017 a petición de Susana Pérez Rodríguez, presidenta da comunidade de Bolmente, propietaria do MVMC Camilo. Na mesma sesión, Ramón Rozadillas Valverde é nomeado como instrutor do expediente.

**SEGUNDO**: O día 29-6-2017 comunícaselle a Susana Pérez Rodríguez, solicitante da ampliación, o acordo do 21-6-2017 polo que o xurado nomea como instrutora do expediente a Lucía Belver Quiroga.

**TERCEIRO**: O 26-1-2018 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

**CUARTO**: O día 30-1-2018 recíbese un certificado do Servizo de montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, no que consta que o monte **BOLMENTE (ampliación)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

**QUINTO**: O día 30-1-2018 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos:**

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**SEXTO**: O día 28-2-2018 recíbese unha notificación do rexistro da propiedade na que fai constar que cos datos aportados non é posible identificar debidamente as fincas polo que suspende a expedición da certificación solicitada.

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

**SÉTIMO:** O día 14-3-2018 comunícaselle a Susana Pérez Rodríguez, solicitante da ampliación, o acordo do 6-3-2018, polo que o xurado amplía o prazo para resolver e nomea como instrutor do expediente a Carlos Vázquez Díaz debido á baixa laboral de Lucía Belver Quiroga. O novo instrutor acepta o cargo o 22-3-2018.

**OITAVO:** O día 12-4-2018 comunícaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural.

**NOVENO:** O día 13-4-2018 comunícaselle ao **Concello de Sober** a iniciación do expediente e envíaselle un **edicto** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

**DÉCIMO:** O día 13-4-2018 comunícase a iniciación do expediente a Susana Pérez Rodríguez, presidente da comunidade de Bolmente.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** O día 13-4-2018 comunícase a iniciación do expediente ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos** e solicítase a **ANOTACIÓN PREVENTIVA.**

**DÉCIMO SEGUNDO:** O día 27-4-2018 sae publicado no DOG número 82 o anuncio da iniciación do expediente de clasificación do monte **BOLMENTE (ampliación).**

**DÉCIMO TERCEIRO:** O día 11-5-2018 o Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos comunica que suspende a práctica da anotación preventiva solicitada debido a que os datos aportados resultan insuficiente para localizar as parcelas.

**DÉCIMO CUARTO:** O día 24-5-2018 comunícaselle a Susana Pérez Rodríguez o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **BOLMENTE (ampliación)**

**DÉCIMO QUINTO:** Non se recibiron alegacións durante a tramitación do expediente.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertenzan á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

3. Examinada a documentación do presente expediente, e posto que non constan alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte coas seguintes características:
**Nome:** BOLMENTE-AMPLIACIÓN
**Pertenza:** Veciños da parroquia de Bolmente
**Parroquia:** Bolmente
**Concello:** Sober
**Superficie:** 10,44 hectáreas

**Zona de ampliación e estremas:**

| **Parcelas a clasificar** | | **Parcelas estremeiras** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Polígono** | **Parcela** | **Linde** | **Polígono** | **Parcela** |
| 63 | 45 | Norte | 62 | 9019 |
| | | Leste | 62 | 9033 |
| | | Sur | 63 | 41 |
| | | Oeste | 62<br>63 | 9026<br>43 |
| 62 | 92 | Norte | 62 | 9019 |
| | | Leste | 62 | 87, 88, 89 e 90 |
| | | Sur | 61 | 9029 |
| | | Oeste | 62 | 9033 |
| 63 | 5 | Norte | 61 | 9029 |
| | | Leste | 63 | 2, 3 e 4 |
| | | Sur | 63 | 6 |
| | | Oeste | 63 | 9, 10 e 9036 |
| 47 | 965 (parte) | Norte | 47 | 9059 |
| | | Leste | 47 | 964 e 965 |
| | | Sur | 47 | 9052 |
| | | Oeste | 47 | 892 e 893 |
| 61 | 716 | Norte | 61 | 87 |
| | | Leste | 61 | 84, 88, 89, 114, 115, 116, 117 e 118 |
| | | Sur | 61 | 107, 108, 109, 110 e 111 |
| | | Oeste | 61 | 9025 |
| 60 | 709 (parte) | Norte | 60 | 9009 e 9011 |

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

| Parcelas a clasificar | | Parcelas estremeiras | | |
|---|---|---|---|---|
| **Polígono** | **Parcela** | **Linde** | **Polígono** | **Parcela** |
| | | Leste | 60 | 709 |
| | | Sur | 60 | 611, 613, 614, 672, 673, 676, 677 e 678 |
| | | Oeste | 60 | 9011 |
| 60 | 708 | Norte | 60 | 601 |
| | | Leste | 60 | 9009 |
| | | Sur | 60 | 9011 e 9016 |
| | | Oeste | 60 | 594, 595, 597, 598 e 599 |

Tendo en conta esta ampliación, o MVMC da comunidade de Bolmente conta cunha superficie de **655,76 hectáreas.**

Lugo, 8 de novembro de 2018

XUNTA DE GALICIA
XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
LUGO
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servicio de Montes

galicia

Plano de:

Ampliación da clasificación do monte de Camilo de Bolmente (exp 14/75)

Monte: **Camilo**
Pertenza **Parroquia de Bolmente**
Municipio: **Sober**
Superficie previa **645,32 Ha**
Superficie revisada **655,76 Ha**

**Escala:** 1:8,000

Plano 3. Situación dos predios de ampliación (catastro)

- Monte_previo
- Ampliación Camilo-Bolmente

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

Carlos Vázquez Díaz

O xefe de área
Lugo, 18 de xuño de 2018

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servicio de Montes

galicia

Plano de:

Ampliación da clasificación do monte de Camilo de Bolmente (exp 14/75)

Monte: **Camilo**
Pertenza **Parroquia de Bolmente**
Municipio: **Sober**
Superficie previa **645,32 Ha**
Superficie revisada **655,76 Ha**

Escala: 1:17,000

Plano 4. Situación posterior do monte

Monte posterior

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes
Carlos Vázquez Díaz

O xefe de área
Lugo, 18 de xuño de 2018
Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural

Ronda da Muralla, 70
LUGO

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **29 de outubro de 2019**, figura o seguinte acordo:

Monte Camilo (expedientes 14/75 e 7/2017), pertencente aos veciños da parroquia de Bolmente, do termo municipal de Sober.

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17.09.2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación.

O 19.11.2018, tivo entrada escrito presentado por Susana Pérez Rodríguez como representante da comunidade, no que solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme á documentación que achega. O 16.05.2019, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo (núm. 88/18) para o monte Camilo, nos termos que no dito informe se describen, quedando cunha superficie de 653,5 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía.

Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito.

Para que conste, expido este certificado co visto e prace da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.



CVE: qcuVqMcZN8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Carpeta: 88/2018
Revisión do esbozo la liña sur do monte veciñal en man común de Camilo (exp 14/75)

Monte: **Camilo** Expediente: **14/75 e 7/2017**
Pertenza: **Parroquia de Bolmente** Municipio: **Sober**
Superficie previa: **655,76 ha**
Superficie proposta final: **653,5 ha**

**Escala:** 1:17.000

Plano 2: Monte posterior revisado

Lugo, 17 de xuño de 2019

O enxeñeiro de montes

Santiago Fraga Sáenz

Lenda:

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

Liña_revisada

Monte_posterior